

LENGUA Y LITERATURA GALLEGAS

Centenario da literatura galegoasturiana (1913-2013) *A Veiga de Ribadeo* de Antolín Santos Mediante Ferraría

XOÁN BABARRO GONZÁLEZ

Catedrático de lingua e literatura galega de Ensino Medio
xoanbabarro@hotmail.com

Recibido: marzo 2013. Aceptado: abril 2013

Resumo: O Rexurdimento da literatura galega, que se desenvolve en Galicia durante a segunda metade do século XIX, maniféstase con autores orixinarios do occidente do Principado de Asturias a comezos do XX. O ano de 1913 resulta a primeira data significativa para o renacer da literatura destas terras do Eo-Navia.

Palabras clave: literatura galega, autores galegoasturianos, *A Veiga de Ribadeo*.

Abstract: The *Rexurdimento* («revival») of Galician Literature took place in Galicia during the second half of the 19th century. It emerged thanks to several native authors from the West Regions of the Principado de Asturias, at the beginning of the 20th century. The year 1913 turned out to be the first significant date for the literary reawakening of these lands of Eo-Navia.

Key words: Galician Literature, Galician-Asturian authors, *A Veiga de Ribadeo*.

En 1863 publicábase *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, obra, da que estamos celebrando o cento cincuenta aniversario, que soe considerarse como o inicio do Rexurdimento da literatura galega. Este libro aparecía dez anos despois d'*A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos, dous detrás dos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández y Morales e un a continuación do *Álbum de la caridad*, o volume que recollía as composicións dos xogos florais celebrados na Coruña en 1861, por citarmos tres títulos significativos dentro do abrollar literario de mediados do dezanove.

Se para o conxunto de Galicia foron as publicacións periódicas, como di Dolores Vilavedra (1999:110), «a imprescindible canle de comunicación que permitiu que o discurso literario chegase ó público nunha cultura na que a estru-

tura editorial era sumamente precaria», moito máis o foron para a área do occidente do Principado, onde se mantivo a presenza literaria galega ao longo do século XX basicamente en xornais, almanques, programas de festas, follas voadeiras, etc. Este labor de difusión é exercido especialmente por *Las Riberas del Eo*, semanario «defensor de los intereses morales y materiales de la zona oriental de Galicia y occidental de Asturias» e, máis tarde, por *Castropol*, *Brisas del Eo*, *Ecós Vegadenses* e outras publicacións periódicas.

Observando especificamente os autores das comarcas do Eo-Navia¹, cos coñecementos que hoxe en día posuímos, aínda que se encontren testemuños de finais do XIX (Vid. Suárez 2006:14-17 e Babarro 2007:46-48), comprobamos que o discurso literario non se consolida ata a segunda década do XX, con autores que ben podemos encadrar no grupo que Ricardo Carballo Calero (1975:471-516), tomando como referencia as tres grandes figuras do Rexurdimento, clasifica como «epígonos». Entre eles inclúe «da dereita do Eo» a Antolín S. Mediante (1880-1944), Conrado Villar Loza (1873-1962) e Ramón García González (1870-1938). Do primeiro, Carballo cita o poema *A vida no eido*, do que actualmente coñecemos varias versións (Vid. Mediante 2008:479), a primeira seguramente de 1925, o ano en que tamén se premia, baixo o tema «á mellor poesía en galego», na Festa da Poesía organizada en Lugo pola Asociación de Prensa, o seu poema *A un moíño desfeito*². Do segundo, cita a peza teatral *Un feixe de tapiogadas*, que se publica en 1922³, e, do terceiro autor, o libriño *Amarguras dun viaxe*, unha serie de poemas arredor de dous namorados, Carlota e Ignacio, co traballo no mar polo medio, publicado en 1920.

Mais, fronte ás datas sinaladas para as catro obras devanditas, coidamos que o inicio do Rexurdimento con autores eonaviegos debemos situalo na década anterior, xustamente cincuenta anos despois da aparición da obra rosaliana, concretamente en 1913, establecendo como fito significativo a publicación d'A *Veiga de Ribadeo*⁴ de Mediante.

Antolín Santos Mediante Ferraría (Taramundi, 1880 – Piantón, 1944) é coñecido pola súa poesía festiva de carácter popular. Famoso nas terras do Eo xa en 1912 por composicións como «O Santiago d'Abres», «O Homenaxe a Veiga», «A Virxen do Conforto», «A Festa do Xuyo», etc. (Vid.

¹ Recordemos que a recuperación lingüística e literaria iniciada no XIX en Galicia constrúese contando tamén con esta área xeográfica. Véxanse como proba as bases dos Xogos Florais de Tui de 1891, onde se aceptan traballos do «dialecto do país asturiano comprendido entre o Eo e o Navia».

² Nesta celebración, xa na época das Irmandades da Fala, actúa de mantedor Antón Villar Ponte e figuran como compañeiros galardoados, en modalidades distintas, Ramón Otero Pedrayo, Antonio Couceiro Freijomil e outros.

³ A obriña estreárase no teatro de Tapia o 3 de febreiro de 1921.

⁴ Esta denominación tradicional, que alternaba con *A Veiga*, tal como se coñece hoxe en día, correspondíase co oficial «Vega de Ribadeo», que cambian en 1916 por «Vegadeo».

Mediante 2008), ao longo de 1913 vaise afianzando como escritor representativo do occidente asturiano. Santos, que saúda o ano novo ao tempo de se despedir do vello,

[...] ¡Caráfeta! El é un acheite
que vén aínda mamando
e, ¿quen sabe...? Saír pode
quizaves ben incrinado [...],

comeza xaneiro cunha relación de «Aires enxebres», á que se irán engadindo novas entregas, ben baixo o mesmo título, ben utilizando o de «Seguidillas», «Como cantan os cegos», «D'as festas de Ribadeo», etc. De tal maneira, que as súas creacións manteñen unha presenza constante do galego na prensa comarcal desde estas datas ata a do seu falecemento.

Entre a súa produción, debido á transcendencia popular, salienta dun xeito especial *A Veiga de Ribadeo*, un longo poema onde o autor desenvolve unha loa á vila asturiana e ás súas «Feiras e festas de Pentecostés», que se celebraban, á sazón, do 11 ao 13 de maio:

Digo e téñome n' o dito
unha vez, trinta... millenta,
xuro c' o dido n' a cruz
se falta xurar ficera,
e co' esto non me condano
se non que *gordas as teña*,
que vila d' o valemto,
nombradía e xentileza
da Veiga de Ribadeo,
non s' olla así como quera;
¡son contadas, así eu medre,
as que competen con ela!
¿que non?, eu sei o que falo
e de-esto⁵ naide m' a pea,
e s' alguén levarme quer
a contra, pois non sai co' ela
que tamén son tatarudo
e cabezón n' as contendas;
y- agora sin máis preámbulos
a lista toda completa
d' os méretos de tal vila

⁵ Mediante soe marcar cun guión as sinalefas así como determinadas contraccións (*de-esto*, *y- agora*, *frondosa-alameda*, *o-obrigado*, etc.).

lles vou ceibar n'unha restrá.

A Veiga de Ribadeo
vila nobre, hospitaleira,
vila frorecente, próspera,
vila sin par en espréndida,
vila rumbosa, sonada,
á redonda en muitas leguas,
[...]

estación de vía férrea
e muy espaciosa ría
pol-a qu'os barcos navegan;
pol-a casa d'o Auntamento;
pol-a frondosa-alameda;
pol-a fonte d'o mercado;
pol-a manífica Igrexa [...]

A longa tirada, 298 versos, que se dá a coñecer en dúas entregas e que o autor remata en Sante con data 21-4-913, como recordo da primeira celebración, a de 1912, e como prólogo da segunda, supón, por un lado, o recoñecemento público do poeta e, por outro, a consolidación e popularización do Rexurdimento en terras de entre o Navia e o Eo con autores da zona.

Das moitas gabanzas que recibe interésannos, en particular, as procedentes do mundo da literatura, especialmente a de F[ederico] M[agadán] V[idal] (1882-1949), que en maio dedica «al inspirado vate D. Antolín S. Mediante» o soneto «Gratitú»:

Cantache ben, poeta: s'el⁶ afeuto
puido ispirarche tan hermoso canto,
non che fixo mintir nin outro tanto,
nin d'adulón che deu triste conceuto.

Sin perdery'á verdá nunca el respeito,
nin negary'al cariño el fuero santo,
de modo encantador, diciche cuanto
de bon se guard'aquí e lev'a efeuto.

Cantache ben, poeta, e de por vida,
deuda de gratitú, deuda sagrada,
contigo ten A Veiga contraguída.

Ela cha pagará sin qu'eu yo pida,
que tanto como nobre e com'honrada,
A Veiga sempre foi agradecida.

⁶ Para ver o dominio xeográfico desta forma do artigo e outras variantes dialectais que caracterizan as falas galegoasturianas poden consultarse Fernández Rei 1990, Babarro 2003 ou *Informe* (2007).

Ao que Mediante responde cos sesenta versos de «Correspondendo a unha fineza»:

¡Estou fresco!, non dou volta
nin o compás sei gardar
y-ó campo d'a poesía,
sácame vosté a danzar. [...]

Eu si que son o-obrigado
(e pra que se sepa o digo)
ás distincións y-agasaxos
qu'a Veiga tuvo comigo.

¿Como pagarei honor
tan comprido, tan redondo?;
non podo, se non d'un xeito
que me sai barato abondo.

Dándoll'ó vate y-á vila
que n'el pra honrarme delega
unha fanega de gracias
pola medida gallega.

A Magadán cábelles a honra de ser o autor das fermosas décimas (coidamos que dunha data posterior á que estamos lembrando) ditadas ao tamén escritor César Montaña Álvarez de Ron (1894-1980)⁷:

Cuando en noite sosegada
fendendo el aire dormido
sona el alegre escougido
con que fina unha tonada,
se po la pena agobiada
el alma tá del que escuita,
non sinte pouca nin muita
a alegría del cantar
e co-as ganas de chorar
quizabes a solas luita...

Que son a alegría y a pena
n'esta miserable vida
cuerdas unha al outra unida
cual eslabois de cadena,

⁷ Parece que, en certa ocasión, César pídelle a Federico un poema seu e este díttalle de memoria as dúas décimas. César escribeas nun papel solto, que gardará coma un tesouro ata o momento de llo regalar, pasados anos, a unha das fillas do autor.

e, ãa⁸ triste, ãa serana,
 vay el alma n'unha a dar,
 ten el outra que sonar
 con un amargo ãemido,
 ou c'o el alegre escougido
 con que se fina un cantar.

Ao lado do diálogo poético entre Santos e Federico habería que considerar textos doutros autores que, sen mencionaren directamente a composición hoxe centenaria, si teñen como referente para as pullas as citadas feiras, xa que a súa promoción e organización estiveron rodeadas de certo escándalo, promovido desde o decenal *Castropol*. Deste xeito, as loas dos simpatizantes da Veiga contrastan coas críticas, a ridiculización do evento, así como as sátiras, a miúdo subidas de tono, contra o seu alcalde, Everardo Villamil y Llanes, onde aflora a pugna dos chamados «novos» do Partido Reformista contra os «vellos», difundidas desde o periódico castropolense por aqueles que seguían defendendo as sonadas feiras da Silvallá, como facía *Farruco*, o de 10 de xuño de 1912, baixo o título «A Silvayá»:

[...] ¡Unhas ferias tan antiguan,
 que d'os veyos el máis veyo
 ten ouguido a sous abolos
 decir que sendo elos nenos
 os sous xa d'elas falaban...!
 Virse agora y con desprecio
 d'ese tan solo placer,
 pois qu' é a festa que temos,
 dond'os antiguos gozaron,
 qu' éinda parece que vexo
 alí sentado a meu padre
 rir y chanciar falangueiro
 mentras destapa a empanada
 que tá de todos n'el medio...,
 y quitarnos esas cousas,
 y levar al mismo tempo
 os cuartús que nos deixaban,
 qu' eran n'a vida un remendo...
 ¡Vaya! Eso no é roubar a un,
 é roubar a un pueblo entero,
 y si esos feitos son d' homes
 non sei c' aicíois ten el demo. [...]

⁸ O uso da diérese como diacrítico sobre o «x», para lembrar a articulación do fonema fricativo palatal, é frecuente en obras do XIX. É a ortografía que aparece, por exemplo, na primeira edición de *Follas novas* de Rosalía.

O mesmo autor, seguramente o citado Ramón Ignacio García González, que tamén formulaba no mesmo decenal (10-I-1913), os seus desexos nos inicios do ano,

[...] Que haya chourizo n'el pote,
 bon xamón, carne de xato,
 ou xata, como vos sente,
 pois que gustosos son ambos
 y en preferencias del gusto
 eu nunca poño reparos;
 viño tinto n'a dispensa,
 del galego ou castellano,
 viño xudín, sin bautizos,
 qu' é como gusta aus cristianos [...],

o 10 de maio, e na mesma publicación periódica, nunha composición titulada «Un sono», recrea como o alcalde veiguense soña o descalabro das súas feiras fronte ao triunfo das de Silvallá:

[...] Por aquí, por alí, montois de xente
 d'os montes descendían por as faldas,
 vían todos alegres, churrusqueiros,
 con potros y cabalos de gran talla
 ¡Qué ferias! ¡Oh, qué ferias! ¡Como os *novos*
 el polvo morderían! Estoupaban
 os cuetes victoriosos, as bandeiras
 bulían con el vento y hasta a banda
 salira a recibirlos. Y el tamén
 esperaba, vestido de gran gala.
 Chegaron arrogantes, ordenáronse,
 pasíaron a fachenda por a plaza;
 con guantes y chistera y macferlán
 acercóuseyes el a dar as gracias,
 pero un d'elos, alzando unha bandeira,
 gritouyes aus demais «¡A Silvallana!»
 ¡Y a galope tendido, os puñefleros,
 saliron, fendo burla y algazara!

Outro eloxio que queremos destacar da poesía de Mediante é o do mestre Amador Vázquez, quen máis tarde sería director do veiguense *Brisas del Eo*. Publícase no mes de novembro, cando, ao parecer, aínda non sabía quen se escondía detrás dun dos pseudónimos máis utilizados por Santos. Vázquez valora o seu mérito literario e afirma que «en las poesías d'o poeta de tres o carto hay mucho y bueno; están escritas por una imaginación viva, fecunda [...]» ao tempo que lle pide unha sinatura máis acorde coa súa talla literaria.

O futuro mestre de Piantón contéstalle o 14 de decembro cun longo artigo onde se sintetizan os motivos fundamentais da súa musa e onde se declara «un

mero aficionado a la rima gallega, esa rima tan armoniosa como preterida y olvidada, esa rima en la que no se desdeñaron de lucir los primores de su ingenio vates de tan alto vuelo e inspiración como Añón, Lamas Carvajal, Curros Enríquez [...]. Antolín, que acabaría colaborando tamén en *Brisas del Eo*, dedicará en 1918 á morte de Amador os setenta versos da sentida elexía «¡Luitosa!»:

Quen imaxinar puidera,
caro amigo e compañeiro,
que d'o teu corpo fixera
tan axiña pudrideiro
a Parca implacable e fera.

Q'a luz d'o teu craro espritu
esmorecerse xa iba
n'este desterro maldito,
pra con craridá máis viva,
brilar n'o reino infinito.

¡Fútel y-engañoso vida!,
lixeiro vapor de nebra,
lume de palla encendida,
fráxel vidro que se quebra
con calquer leve caída. [...]

Como se pode comprobar polos fragmentos escolmados, xa desde un primeiro momento encontramos autores que teñen o sistema literario galego como referente fronte a outros que empregan a variante dialectal propia, que, por outra parte, como di Antón Santamarina (1994:250), «non é nin máis nin menos galego có que se fala en Ribadeo ou en Fonsagrada ou en Navia de Suarna»⁹. Frías Conde (2004) sinala que «cada autor usa a súa lingua familiar (coas excepcións de sempre de Cotarelo e Santos Mediante), sen se preocupar nin remotamente dunha unidade co estándar galego da época». Esta fase inicial (que se rexistra en Galicia máis en escritos do XIX) convive coa actitude de contemplar un sistema literario supradialectal, sen que unha opción se contrapoña á outra. Así, ao longo da primeira metade do XX a presenza do galego común aparece convivindo coas diferentes formas comarcais, en maior ou menor grao, en escritores como Antolín S. Mediante Ferraría, Armando Cotarelo Valledor, Pedro G. Arias, César Montaña Álvarez de Ron, Amador Fernández Mejezas, Ovidio Martínez Alvarez, Francisco Fidalgo Villaveirán e algún máis¹⁰.

⁹ Este mesmo autor (2011:27) afirmaba, referíndose ao conxunto de falas do oriente de Lugo e do occidente do Principado, que «se tomamos por exemplo as tres mil palabras máis frecuentes (que é coas que nos valem os diarios) apenas encontramos diferenza entre o noso galego e o de Cuntis (por poñer un sitio ben lonxe)».

¹⁰ A sintonía que reinou entre os autores da primeira metade do XX, e mesmo da época da ditadura, independentemente do sistema lingüístico-literario que adoptaran, variou sensiblemente a partir do establecemento do estado das autonomías, sobre todo desde o momento en que se trata

Salvo Cotarelo, primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, homenaxeado pola Real Academia Galega en 1984, que Carballo (1975:625-627) estuda como representante do teatro da época das Irmandades, podemos afirmar que os escritores galegoasturianos teñen estado durante moito tempo, usando as palabras do poeta, «preteridos y olvidados». O feito de iren degrañando, como indicamos ao comezo, as súas creacións na funxible prensa comarcal, e non recollérenas en libro, condicionou o seu coñecemento a nivel de toda Galicia e mesmo a visibilidade na propia Asturias dunha literatura autóctona de expresión galega. Agora que se están asollando os seus escritos empezamos a ter unha visión máis panorámica do século XX e podemos confirmar que 1913 resulta a primeira data significativa para o rexurdir literario das comarcas de entre o Eo e o Navia.

BIBLIOGRAFÍA

- Álbum de la caridad. Juegos florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos* (1862). Coruña: Imprenta del Hospicio provincial. Existe unha edición realizada por Ediciones Giner, Madrid, 1989.
- Babarro González, X. (2003) *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, vol. I e II, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Babarro González, X. (2007) *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias*, 2ª edición aumentada. Universidade de Vigo. Existe unha edición dixital, aumentada, en *A xente que soña desperta. Recolla de achegas á lingua e literatura galegas de Asturias* dirixida por Xosé Henrique Costas González, Universidade de Vigo, 2010.
- Carballo Calero, R. (1975) *Historia da literatura galega contemporánea*, segunda edición. Vigo: Galaxia.

de afianzar desde a Academia de la Llingua Asturiana un galego-asturiano xebrado do estándar postulado pola Real Academia Galega (aínda que só sexa por trazos fundamentalmente de tipo ortográfico) e, por outro, a potenciar o hiperlocalismo. Salvando un pequeno grupo de autores que adoptan unha normativa específica para o galegoasturiano co galego común como referente, son máis abundantes aqueloutros plenamente fieis ao sistema familiar (no que se inclúen determinados castelanismos e formas populares que deberían ver restrinxida a súa presenza na lingua escrita) que non fan a máis pequena concesión nin ao o corpus lingüístico total do occidente do Principado nin ao do galego en xeral. Esta actitude contrasta non só coa evolución da lingua escrita durante as últimas décadas en Galicia, senón tamén con todos os pasos que se levan dado para o afianzamento dun asturiano supradialectal. Ao mesmo tempo, con tal de marcar unha fronteira lingüística ficticia que coincida cos lindes autonómicos, hai quen establece tacitamente un tabú con respecto ao sentimento que soe darse nos falantes que habitan o espazo xeográfico comprendido entre o porto de El Palo e o cabo Fisterra, resaltado por Varela Aenlle (2004:11): «Sorprendíame moito como estando noutras terras podía ter a mesma lingua, falar cun amigo de Ibias e sentirme como se fose da mía familia de sempre. Era a consciencia xa da importancia duha afinidade cultural, duha lingua, dus sentimentos expresados en común».

- Castro de Murguía, R. (1880) *Follas novas*. Habana: La Propaganda Literaria. Hai unha edición facsímil da Real Academia Galega, A Coruña, 1982.
- Frías Conde, X. (2004) *A literatura eonaviega contemporánea (notas sobre literatura galega de Asturias)*. A Coruña: eDixital.<http://bvg.udc.es>.
- Fernández y Morales, A. (1861) *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Viuda e Hijos de Miñón. Existe unha edición facsímil, con estudos introductorios de J. A. Balboa de Paz, M. Gutiérrez Tuñón, A. Angueira Viturro e R. Álvarez Blanco, publicada polo Instituto de Estudos Bercianos, Ponferrada, 2003.
- Fernández Rei, F. (1990) *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- González, R. G. (1920) *Amarguras d'un viaxe*. Imprenta del «Castropol».
- Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)* (2007). Navia: Asociación Abertal del Eo-Navia.
- Mediante Ferraría, A. S. (2008) *Poesía completa*, edición de Xoán Babarro. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pintos, X. M. (1853) *A gaita gallega tocada polo gaitero, ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis*. Pontevedra: Imprenta de José y Primitivo Vilas. Existe unha edición facsímil da Real Academia Galega, A Coruña, 1981.
- Santamarina, A. (1994) »Proposta de programa de normalización lingüística para os concellos de Asturias de fala galega», *Lingua e cultura galega de Asturias. Actas das Ias Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias: Na busca das raíces da Terra Navia-Eo. Homenaxe a Dámaso Alonso*, Grandas de Salime, 15-16 Decembro 1990. Edición de Francisco Fernández Rei. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Santamarina Fernández, A. (2011) «Como falan os brañegos e arredores de Burón», *I Xornadas sobre a Situación Sociolingüística das Comarcas do Eo-Navia*. Concello da Fonsagrada.
- Suárez Fernández, X. M. (2006) *Unde letras falan. Antoloxía da poesía en galego-asturiano (1891-2006)*, Uviéu, Trabe.
- Varela Aenlle, C. et alii (200) *A herdanza da lingua. O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Vilavedra, D. (1999) *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- Villar Loza, C. (1922) *Un feixe de tapiogadas. Pasillo en dialecto tapiego en un acto y en prosa*. Castropol. Existe unha edición facsímil, que inclúe as partituras de Etelvino Méndez Martínez, con estudos de Manuel García Galano e Xosé Miguel Suárez Fernández, editada en 1999 polo Servicio de Publicacións del Principao d' Asturias.